



## LYDIA BURGAÑA CABALLERO

(Revista *IES Lucus Augusti*, 2011)

Novos profesores, novos compañeiros e compañeiras, novas experiencias, exames, nervios, amizades, choros, sorrisos, discusións, escaleira cheas de alumnos falando dos seus problemas, clases de plástica, de matemáticas, caídas, xente simpática, que adora o pop, o rap, o rock; xente de cor, xente que non se atreve a darse a coñecer, amoríos, reñas, libros, debuxos, horas, minutos, anos... iso é o significado de ter un lugar no IES Lucus Augusti.

Quero deixar claro que esta é una das mellores épocas da nosa vida, xa que este instituto bríndanos a oportunidade de coñecer xente que non esqueceremos xamais. Tamén quero agradecerlle a todos, dende o meu peor inimigo ata o meu mellor amigo, dende o profesor menos simpático ata o máis, o feito de ensinarme a ser un pouco máis madura e responsable. Porque pasei de ser esa pequena pequerrecha que choraba cando as cousas non saían como ela quería. Porque vivín aquí moitas horas, pasei máis de duascenas mañás e deime conta de que non cambiaría ningunha delas.



## ELOI CALDEIRO

("Exames no Instituto de Lugo", *Homenaxe ó Instituto de Lugo*, 1999)

Foi un tempo de ledicia  
de aprendizaxe e xogo,  
erguerse de mañanciña  
zapatos limpos, na liña;  
néboa, néboa...e logo o Miño.  
Hora a hora, exame e medo.  
O xantar en Recatelo,  
e de novo a estremonía.



## ÁLVARO CUNQUEIRO

("El mapa de Fontán", *Faro de Vigo*, 29-12-1951, trad.)

Nos corredores do Instituto de Lugo encontreime co mapa de Galicia de don Domingo Fontán. Foi o meu gran encontro co meu país galego; ali estaba a miña terra, a terra da miña vocación e dos meus días, a terra temporal e eterna, a terra da miña lingua, a lingua que o meu escuro acento labrego necesitaba para existir.



## XULIO L. VALCÁRCCEL

("Tempos do Instituto", *Homenaxe ó Instituto de Lugo*, 1999)

De Lugo a Naemor,  
de Naemor a Lugo  
subindo no Neira,  
baixando do Miranda,  
doce tempo foi...

Verde sombra dos tilos  
e rapaciñas en flor,  
ai, que bonito era,  
(que bonito, mai...  
que bonito é  
o tempo que se vai.

Que se vai e non volve  
que se vai sen tardor,  
cando queres míralo  
non está, xa se foi.

Era D. Amable amargo,  
tímido D. Camilo,  
D<sup>a</sup> Carme a máis guapa  
e D. Xesús o mellor.

Doce tempo foi...  
de Naemor a Lugo,  
de Lugo a Naemor.



**ELADIO LÓPEZ**

**e FRANCISCO MIRANDA**

("Bachareis 1947", revista *IB. Lucus Augusti*, 2001)

De directores alternaban Labajo e Delio Mendaña. Este último dando Física e Química que, por certo, ensináranos cousas sobre a enerxía atómica naquel entón, polas que despois en Estados Unidos condenaron a morte a un espía por informar do mesmo a Rusia; pero nós xa o coñeciamos...

O noso compañeiro Carrascal dinos moitas veces que el, nos seus posteriores estudos de Letras non tivo necesidade de estudar máis có que lle ensinara don Lázaro Montero de la Puente. E qué falar do que nos ensinou de Ciencias o Profesor Bernis, que nos levaba campo a través para cazar insectos, que aínda hoxe se conservan no "Lucus Augusti".



## MANUEL MARÍA

("Noticia de don Primitivo Rodríguez Sanjurjo",

*CL aniversario do Instituto Provincial de Lugo, 1994)*

No Instituto Masculino de Lugo -o noso curso foi o derradeiro que estivo no pazo da Deputación Provincial- quedaron moitos dos mellores e máis ilusionados días da nosa adolescencia, cando estrenabamos vida e esperanzas. De moitos dos nosos profesores gardamos unha grande e imborrable lembranza, que o tempo lúe e sublimiza, mitifica. doutros que nos fixeron detestar -quizais a culpa foi nosa- a materia que ensinaban, temos agora unha comprensión que antes non tiñamos. De todos sentimos a fahenda de ser alumnos deste Centro.



## PACO MARTÍN

*(Homenaxe ó Instituto de Lugo, 1999)*

Un servidor, a quen aínda lle custa caro lembrar que debe chamarlle Lucus Augusti ó Instituto que sempre coñeceu como "O Masculino", fixo a súa estrea como estudante de bacharelato coincidindo coa do edificio actual, despois de ter realizado o exame de ingreso nas antigas instalacións do palacio da Deputación. O cheiro a pintura, as táboas sucias dos antigos encofrados, amontoadas na parte de atrás, a masilla, aínda mol, que fixaba os cristais das fiestras, axudaban a que as nosas particulares sensacións de infantil novidade medrasen nun ambiente case natural. Os ollos que, con asombro e unha miguiña de temor, axexaban para cada espazo recién descuberto, compartían con paredes, portas, mesas e lavabos un xogo de virxindades fuxidías do que soamente nós, os "pipiolos", coñeciamos normas e técnicas.



## **XOSÉ MÉNDEZ SEIJAS**

(Discurso de inauguración do *CL Aniversario do Instituto Provincial de Lugo*, 1994)

Os festexos organizados testemuñan a profunda identificación da cidade co Centro, identificación que o tempo conformará como característica máis definitiva da personalidade do Instituto: onde queira que se vaia e con quen queira que se fale sempre hai un recordo, unha anécdota que lembrar. Son moitas as promocións de ex-alumnos que unha vez ó ano se reúnen nun xantar, nunha cea, nun ansiado reencontro dos amigos e compañeiros de tantas horas vividas nas súas aulas e fóra delas. Son tamén moitas as axudas e colaboracións que o Instituto recibiu e recibe de exprofesores e exalumnos.



## **MIGUEL ANXO MURADO**

(*Homenaxe ó Instituto de Lugo*, 1999)

Contábase no Instituto de Lugo unha historia que máis ben parecía unha lenda, polo que tanto ten se era verdade ou non. Díciase que o esqueleto que había no Laboratorio, o mesmo que se utilizaba para as clases de Anatomía en Ciencias, era o dun antigo bedel que deixara como derradeira vontade servir a este propósito. Mesmo había unha versión que chegaba tan lonxe como para afirmar que o bedel fora en realidade asasinado por un xefe de estudos ou un director doutro tempo. É o bonito das lendas, cando se van mellorando en detalles ata o disparate. Moito teño pensado eu neste pobre home, imaxinando a extrema fidelidade do bedel, querendo permanecer no edificio e seguir sendo útil. E sendo útil non xa nos mesteres do bedel, con todo e seren estes importantes, senón sendo útil para o ensino en si, dando o seu corpo á ciencia, pondo os seus ósos, literalmente, ó servizo do saber, elixindo ser soterrado non nun nicho, senón nun Plan de Estudos e integrándose, materialmente, no mundo das ideas.



## **CLAUDIO RODRÍGUEZ FER**

*(Lugo Blues, 1987)*

O Instituto ó que asistín de neno  
é o mesmo no que ensino  
en Lugo ou en ningures.

O azar que tracexa o seu destino  
trae alumnos ás miñas clases  
polas que pasan como nubes.

Hai aínda pouco tempo -cinco anos-  
eu sentábame neses mesmos pupitres  
e habitaba de soños este vello edificio.

Segundo vai pasando o tempo  
os alumnos alónxanse das idades  
nas que eu tamén fora alumno.

(Os rostros e as indumentarias  
van cambiando pero sempre  
se sentan nos mesmos pupitres).

O tempo pasará e por acaso  
un día terei nas miñas aulas

fillos das nais que tanto amara  
e que poderían ter sido meus.

A néboa que hoxe envolve Lugo  
é a mesma que penetra pola fiestra  
da aula na que escribo en Edimburgo.